

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 21 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se modifica a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de celador/a, quendas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, publicada pola Resolución do 22 de xuño de 2020.

Por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, do 22 de xuño de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm 128, do 30 de xuño) publicouse a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso oposición para o ingreso na categoría de celador/a, nas quendas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, e iniciouse o prazo para a elección de destino.

A base novena da Resolución do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo), de convocatoria do proceso dispón que o/a aspirante que, no prazo e conforme o procedemento que se estableza non seleccionase todos os destinos que se oferten pola orde de prelación que considere, e non resultase adxudicatario/a de ningún polos que optase, non poderá ser nomeado/a, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. Neste suposto, a autoridade convocante procederá ao chamamento de novos/as aspirantes, no número que se corresponda coas prazas ofertadas e non elixidas, coa finalidade de que manifesten a súa opción por elas, logo de acreditación do cumprimento dos requisitos exixidos. Esta opción realizarase pola orde de prelación que resulte da lista definitiva.

Finalizado o prazo para a elección de destino previsto na Resolución do 22 de xuño de 2020, este centro directivo, de conformidade coa antedita base

RESOLVE:

Primeiro. En cumprimento da base 9.9 da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 1 de marzo de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 51, do 13 de marzo), pola que se convoca concurso oposición para o ingreso na categoría de celador/a, excluir deste proceso selectivo a Isabel González Cuadrado con DNI ***5771**, aspirante da quenda de acceso libre, por non ter seleccionado no prazo e conforme o procedemento establecido ningún dos destinos ofertados.

Segundo. Declarar como aspirante seleccionada, na categoría de celador/a, quenda de acceso libre a Susana Fernández López, con DNI ***8224**, requiríndoselle para que



no prazo indicado na base 9.1 da Resolución do 1 de marzo de 2018, de convocatoria do proceso presente en rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dirixida á Dirección Xeral de Recursos Humanos, a seguinte documentación:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separada do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitada con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

b) Certificado médico oficial en que se acredite a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a redacción efectuada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, certificación do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais dependente do Ministerio de Xustiza de non ter sido condenada por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación.

Esta autorización deberá prestarse no modelo que para o efecto consta na páxina web do Servizo Galego de Saúde, na epígrafe relativa a emprego público ([www.sergas.es/emprego público](http://www.sergas.es/emprego-publico)).

d) Declaración xurada ou promesa de non ter a condición de persoal estatutario fixo da mesma categoría a que opta.

Se dentro do prazo fixado pola base 9.1 da resolución de convocatoria non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos para participar no proceso selectivo, non poderá ser nomeada persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial.

Terceiro. Declarar como destino pendente de adxudicación, logo de finalizado o prazo previsto na Resolución do 22 de xuño de 2020, o seguinte: Centro directivo A.S da Coruña e Cee. Centro: A.S da Coruña e Cee. Concello: A Coruña.



Cuarto. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2020

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

